

DECÁLOGO SOBRE O PAT NA UDC

1. O Plano de acción Titorial de cada centro debe seguir as directrices da UDC, pero contextualizado en cada institución.

Elementos do PAT: Contextualización (Centro, coordinador/a, titulacións ás que vai dirixido, cursos, ...); Análise de necesidades (propias do centro, titulación e momento actual); Metas e obxectivos (diferenciando entre metas a longo prazo e obxectivos concretos que podemos acadar no momento actual); Contidos (conleva unha listaxe de temas a tratar); Recursos (materiais e humanos cos que contamos); Modelo organizativo (funcionamento da titoría, reparto de titores/as, alumnado, formato de traballo, formación de titorías/as, reunión de coordinación, actividades tipo u xa organizadas por sesión); Cronograma; Avaliación (momentos e instrumentos)

2. O PAT elabórase polo/a coordinador/a e os/as titores/as. Sendo ratificado na Xunta de Centro, o que permitirá un mellor seguimento e compromiso de todos/as.
3. As funcións do/a titor/a son: Acoller na UDC dun xeito máis persoal a cada alumno/a; Orientar académica e profesionalmente; Acompañar e Seguir ao alumnado no proceso de aprendizaxe durante a súa formación; Mediar nas relacións problemáticas que se poidan dar puntualmente entre estudantes ou cun docente; Axudar no ámbito persoal se fora necesario e abordar o problema se é posible ou remitilo a outros servizos se non o é.
4. A participación debe ser optativa, aínda que haxa que insistir na implicación e en que é necesario probar antes de rexeitar. Optativo pero con prestacións para docentes e alumnado; por exemplo, para o alumnado: crédito de libre elección, prioridade na asistencia a cursos, certificado de participación, etc.;

para docentes: mérito recoñecido no programa Docentia, prioridade na asistencia a cursos organizados polo CUFIE; certificados, etc.

5. “O PAT é un servizo de orientación académica que esixe un **proceso continuo** ao longo de toda a vida universitaria do alumnado, no só de consulta puntual.”
6. O **éxito** del PAT, pasa polo **seguimento** que os/as titores/as poidan realizar do seu alumnado. Para isto é imprescindible que provoquemos, o que no deporte se coñece como “adherencia á práctica”, neste caso perseguimos unha **ADHERENCIA AO PAT** de todos/as os/as protagonistas. Ésta pode ser consecuencia de diferentes factores: *académicos*, alumnado e docentes ven resultados positivos nos estudos como consecuencia da súa participación no PAT; *sociais*, ao estar con outros e falar das súas dificultades e dúbidas, sítense mellor; *emocionais*, de seguridade persoal, facilita a toma decisións; *institucionais*, mellórase a calidade académica do centro.
7. O/A titor/a pode ser calquer **docente serio e implicado**, non importa que sexa docente de primeiro ou outro curso, non hai experiencias que reforcen máis unha ou outra opción. Sen dúbida, a Universidade debe apostar por formalos naqueles aspectos que a titoría lles demanda e para o cal non se consideren suficientemente preparados.
8. O/A coordinador/a debe establecer un **calendario** ou **cronograma**. Con actividades específicas (individuais ou grupais) e actividades xerais (de grande ou pequeno grupo). Unhas poden ser: informativas/organizativas e outras máis específicas da titorización e dos procesos de aprendizaxe.
9. É imprescindible que o/a alumno/a **identifique ao seu/súa titor/a** e ademáis que éste/a lle ofrezca un **espacio** e un **tempo** para encontralo (presencial ou virtual).

10. É necesario xerar procesos, momentos e instrumentos de avaliación. Evitando o exceso de burocratización, pero sin renunciar a establecer mecanismos de seguimento e implicar neles activamente aos/as titores/as. Cuestionarios de avaliación, informes individuais ou grupais, grupo de discusión, etc., son algunhas das posibles ferramentas.

Coordinadora del PAT en la UDC:
Belén Toja Reboredo